

POESÍA

JAVIER ARCONADA ÁLVAREZ

Os peixes prefiren o mar Ó RÍO
DEIXANse levar polas correntes e iso non é arte
A auga vai limpa si con DETERXENTE
E agora é ATA máis agradable
Así non poderán substituír a CARNE
O novo NON é descubrir o mar
Nin tampouco SAÍR da auga e varar
O novo é mirar as estrelas EXPECTANTES
MAÑÁ so permanecerá a paisaxe
Pero ENTRE as estrelas nunca a haberá
Os PEIXES prefiren o mar ó río
Baixar co balanceo E iso non é arte
No mar NON hai costas e pendentes
HAI depredadores que esconden os dentes
Así non poderán substituír a CARNE
Teñen QUE ir por canais e encanamentos
DEIXAR a pedra e as árbores
No ceo non hai diques NIN redes
Pero os CONTOS que escoitaron no berce
Non os deixarán sobrevivir á PAISAXE.